



## Que implica participar como MENTORA/MENTOR en Inspira STEAM?

1. O perfil tanto das mentoras coma dos mentores debe estar vencellado ás STEAM ben sexa por estudos ou por carreira profesional, co compromiso, ilusión e ganas de promover as áreas STEAM entre o estudiantado, especialmente entre as chicas.
2. Rexistrarse como mentoras/es en <http://intranet.inspirasteam.net/>. Seleccionar o nodo Pontevedra, completar todos os datos que se solicitan e inscribirse na edición activa.
3. Se é a primeira vez que participas, é imprescindible asistir á formación gratuíta para ser mentora/mentor na que se presenta a metodoloxía do proxecto, a perspectiva de xénero e os materiais desenvolvidos para levar a cabo as sesións. É recomendable volver a realizar a formación cada 4 anos para coñecer as novidades e avances do programa.
4. Subir a <http://intranet.inspirasteam.net> a “Certificación de Delitos de Natureza Sexual”, imprescindible para traballar con menores. Pódese solicitar na sede electrónica do [Ministerio de Xustiza](#).
5. Unha vez asignado o centro, coordinarse cos equipos directivos dos centros educativos para fixar os días e horarios de impartición das sesións do programa. Estas sesións desenvolveranse ao longo do curso académico entre outubro e marzo. É recomendable non realizar máis dunha sesión á semana nin menos dunha cada tres semanas.
6. Levar a cabo as seis sesións de mentoring cun grupo de rapazas ou rapaces de 6º de Educación Primaria ou 1º de Educación Secundaria en grupos reducidos (8 a 15 estudantes).
7. A sesión 1 e 6 impartirase de maneira conxunta, rapazas e rapaces, e estará dinamizada pola(s) mentora(s) asignada(s) ao grupo.  
Durante as sesións 2 a 5:
  - As rapazas traballarán coa mentora asignada.
  - Os rapaces traballarán cunha mentora ou cun mentor
8. Entregar ao alumnado os materiais formativos (cadernos e outros recursos) que serán facilitados pola Vicerreitoría de Estudiantado



e Empregabilidade da Universidade de Vigo e financiados pola Deputación de Pontevedra.

9. Proporcionar unha nota biográfica breve e unha fotografía para actualizar a información na web oficial de Inspira STEAM: <http://inspirasteam.net/>
10. Colaborar na valoración sobre a túa experiencia en Inspira STEAM co fin de proporcionar datos para a avaliación do programa.
11. Participar nas accións de difusión que che permita a túa axenda.
12. Para garantir a seguridade e a saúde de todas as persoas participantes, adaptarémonos e modificaremos o programa segundo as condicións imperantes en cada momento.

#### + info:

Ana Caamaño

Técnica de Captación

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

+34 986 130 270

[inspirasteam@uvigo.es](mailto:inspirasteam@uvigo.es)

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/inspira-steam>

<http://inspirasteam.net/>